

**PROGRAMACIÓN**

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS  
E  
EXTRAESCOLARES**

**CEIP VIRXE DE COVADONGA**

**CURSO 2020-2021**

## 1. PRESENTACIÓN

A función deste departamento consiste en crear dinámicas de traballos nas distintas áreas, dentro da realidade social existente. Buscarase que os alumnos piensen, ó ser que elixir, participen e desenvolvan o seu sentido crítico. Intentaremos polo tanto que:

- Participen de forma libre nas actividades.
- Sexan protagonistas, modifiquen os seus hábitos de conduta e as súas actitudes pasivas ante os feitos culturais.
- Creen, expresen e valoren o seu traballo e o dos demais, abrindo o seu concepto de cultura con sentido crítico e independencia.

As actividades complementarias e extraescolares complementarán as actividades académicas e contribuirán á creación de hábitos de ocio así como de adquisición de actitudes como a tolerancia, o respecto e a convivencia en marcos distintos ós académicos. Estas actividades deberán ser programadas ó inicio do curso, non obstante, poderán ser formuladas en diferentes momentos, a medida que vayan xurdindo. Neste caso, o Consello Escolar articulará as medidas e procedementos a seguir para a súa tramitación.

En canto ao tipo de actividades podemos distinguir:

**Actividades complementarias:** Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

**Actividades extraescolares:** Considéranse actividades extraescolares as que, sendo organizadas polo centro ou outra asociación ou entidades, se realizan fora do horario lectivo e figuran na programación anual aprobada polo Consello Escolar.

## 2. OBXECTIVOS

As actividades complementarias e extraescolares pretenden como obxectivo xeral favorecer a educación integral dos alumnos/as.

Os obxectivos das actividades complementarias ademais serán:

- Conseguir a participación do alumnado e profesorado de forma maioritaria, activa, aberta e libre.
- Acercar ós alumnos a acontecementos culturais non habituais.
- Fomentar o asociacionismo como vía de contacto e desenvolvemento persoal.
- Propoñerlle ó alumnado actividades que favorezan a súa formación e supoñan una opción real e viable para o disfrute do seu tempo libre.

### 3. PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extra escolares será voluntaria. Aínda así, será primordial acatar a súa participación, para o que:

O centro habilitará medidas excepcionais para facer estas actividades accesibles aos alumnos/as con necesidades especiais.

O centro porá tódolos recursos posibles a disposición do alumnado que por dificultades económicas non poidan participar nelas.

A non participación implicará á presentación, por parte do alumno/a, de notificación por escrito asonada por pais ou titores de estarán ó tanto de tal circunstancia.

Os traballos realizados nas actividades complementarias e extraescolares que formen parte da programación das áreas das materias, valoraranse nas distintas áreas e materias implicadas de acordo coas especificaciónes que as súas programacións formulen ao respecto.

### 4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O departamento de actividades complementarias e extraescolares estará integrado durante este curso 2019-2020 polos seguintes membros:

Maria Begoña Llera Amieva (coordinadora)

Beatriz García Rodríguez

Maria Isabel Rodríguez Tejada

Julio César Rodríguez Mosquera

## 5. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

### Conmemoracións:

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións. Realizaranse por titorías por grupos estancos para seguir o protocolo da Xunta relativa ao COVID-19.

- 20 de novembro: Día mundial da Infancia
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 3 ao 10 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro: Día escolar da non violencia e da Paz.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 11 ao 15 de marzo: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 23 e o 26 de abril: Día do Libro.
- 2 de maio: Día Internacional contra o acoso escolar.
- 9 de maio: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Ambiente.
- 20 de xuño: Día Internacional pola Igualdade de Trato e non discriminación sexual.

Cando algunhas das datas a que se refiren os puntos anteriores sexan sábado, domingo, festividade local ou estea incluída nalgún dos períodos de vacacións establecidos no calendario escolar, a correspondente conmemoración celebrarase o día lectivo inmediatamente anterior.

### **Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades que se ten pensado desenvolver son, entre outras, as seguintes:

- Día das bibliotecas escolares
- Plan Director: Charlas Policía Nacional
- O samaín
- O magosto
- O entroido
- Obradoiro de Xogos Populares e Tradicionais
- O centro participará nas actividades ofertadas polo Concello.
- Outras actividades ofertadas por diferentes asociacións que o centro puidera considerar de interese ao longo do curso.
- Actividades de tarde a desenvolver no centro:
  - Actividades organizadas polo Concello. Estas actividades son impartidas, por monitoras ou organizacións contratadas polo Concello.
  - Actividades propostas polas ANPA.

Realizaranse por titorias por grupos estancos para seguir o protocolo da Xunta relativa ao COVID-19.